

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020271	IES As Bizocas	O Grove	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	28
7.2. Actividades complementarias	29
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

1. Introducción

A materia de Música de 4º de ESO ten carácter optativo para e impártese por primeira vez co currículo LOMLOE neste curso 2023/24. A achega aos contidos desta materia faise partindo dunha base sólida adquirida gradualmente durante os cursos de 2º e 3º de ESO, nos que a materia de Música se cursou con carácter obrigatorio e foi impartida pola mesma docente. Este seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado permite abondar con maior profundidade nos contidos propios da linguaxe musical no nivel de 4º de ESO, chegando a incluír o solfexo coma ferramenta cotiá de lectura melódico-rítmica e basear a achega aos contidos nunha metodoloxía activa na que os contidos teóricos e prácticos enfiáanse en proxectos creativos onde a avaliación dos mesmos é sempre formativa e son tidos en conta os intereses e preferencias do alumnado e unha dimensión interdisciplinar. Seguindo o espírito metodolóxico da LOMLOE, promoverase nestes proxectos colaborativos o traballo en equipo e a capacidade emprendedora do alumnado, sempre reforzando a súa autoestima e autonomía persoal, promovendo a reflexión sobre a súa responsabilidade como parte integrante dun proxecto grupal.

O IES As Bizocas conta con dous grupos no nivel de 4º de ESO nos que a docente que impartirá a materia é a Xefa do Departamento Didáctico ao ser este unipersoal. Contarase con dous agrupamentos para dar resposta ás necesidades do centro de cara a equilibrar os grupos de optatividade:

- 4º Música AB 1: con 5 alumnos de 4º ESO A e 13 procedentes de 4º ESO B
- 4º Música AB 2: con 13 alumnos de 4º ESO A e 7 procedentes de 4º ESO B

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3	3		1-2	3	1		1-2
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1			2	1-3	1	3	3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1			2	1-3	1	1	3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1		3	2	3	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1	1-3	1	3	1-2-3

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxecto La La Land	Elementos e funcións da música no cinema. A BSO e a súa evolución histórica. Principais autores e obras mestras. O leitmotiv. O foley. O cinema musical. Introdución ao jazz e aos sistemas de grabación e reprodución sonora. Visionado e análise musical do filme. Debate sobre o argumento, as referencias ao xénero musical e á industria discográfica. Lectura melódico-rítmica e interpretación instrumental dos temas principais con partituras na aula. A duración do son: pulso, acento, compás, tempo. Improvisacións rítmicas sobre patróns de 4/4.	11	15	X		
2	Das worksong, o gospel e o ragtime ao blues e o jazz.	Contextualización das influencias presentes no blues e o jazz. Evolución dos estilos. Obradoiro de voces afro-americanas. A forma musical. Interpretación vocal de formas call & response. Improvisación vocal e instrumental sobre rodas de blues. A melodía: tonalidade e modalidade. Harmonía: acordes e funcións tonais básicas.	11	10	X		
3	Proxecto Concerto Nadal 2023	Creación dunha compañía de eventos musicais. Saídas laborais vencelladas á música. Selección, lectura melódico-rítmica e estudo do repertorio con partituras e de memoria. Dinámica de ensaios. Deseño e difusión do evento musical e interpretación vocal, instrumental e coreográfica fronte ao público. Avaliación conxunta do produto final.	15	10	X	X	
4	Proxecto xornalismo musical: estilos de música popular urbana	A música nos medios de comunicación: a sintonía e o jingle. Análise de música publicitaria. Creación, grabación e edición dun programa de radio/revista dixital sobre os principais estilos de música popular urbana do s. XX e XXI. Bandas e solistas destes estilos. A crítica musical. Desafío DJ: improvisación e creación de pezas de música electrónica propias con Incredibox.	15	18		X	
5	Proxectos interdisciplinares de teatro negro	Música e artes escénicas (ópera, zarzuela, teatro musical, ballet). Creación, musicalización e interpretación colectiva de pezas dramáticas coa técnica do teatro	14	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Proxectos interdisciplinares de teatro negro	negro fronte a un público. Expresión corporal. Escenografía. Edición de audio con Audacity.	14	18		X	
6	Músicas do mundo: folklore e música primitiva	A etnomusicoloxía. Música tradicional vs música primitiva. O folk e o rexurdir do folklore. Música e danza tradicionais galegas e españolas: características, instrumentos e voces. Feira de turismo musical: músicas dos cinco continentes. A melodía: escalas modais. Interpretación vocal, instrumental e/ou coreográfica de pezas con raigame folklórica. Obradoiro de eco-percusión: interpretación de polirritmias e batukada polo clima.	17	18			X
7	Proxecto Festival de Fin de curso 2023	Continuidade do traballo da compañía de eventos musicais. Profundización nos oficios vencellados ás produción musicais. Selección, lectura melódico-ritmica e estudo do repertorio con partituras e de memoria. Ensaíos. Creación, coordinación, sonorización do evento musical e interpretación vocal, instrumental e coreográfica fronte ao público.	17	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxecto La La Land	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analiza e contextualiza fragmentos musicais extraídos de BSO de diversas épocas e estilos.	PE	50
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Analiza fragmentos musicais e dancísticos de BSO e é quen de ubicalos nun contexto histórico, empregando as TIC para a pesquisa de información de calidade.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñece a evolución histórico-artística da música para o cinema dende creación do sonoro ata a actualidade, con especial atención ao xénero musical.		
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Amosa unha actitude crítica no debate sobre os roles de xénero na industria discográfica e comprende a fenda de xénero que afecta a compositoras e intérpretes.	TI	50
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Respecta e valora o silencio nas aulas, especialmente nas rotinas de ensaio e nas actividades de audición activa..		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Identifica os autores e intérpretes das BSO representativas traballadas na aula e os seus rasgos estilísticos.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	É quen de solfexar as partituras que ten que interpretar, previo traballo das mesmas nas aulas.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Emprega unha técnica axeitada de xilófono, canto e danza para a interpretación do repertorio repertorio traballado na aula.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Afronta as interpretacións fronte aos compañeiros aplicando as técnicas de relaxación, respiración e concentración traballadas na aula e procurando unha axeitada execución técnica e expresiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestiario. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.

Contidos

- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.
- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución.
- Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
2	Das worksong, o gospel e o ragtime ao blues e o jazz.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analiza e contextualiza fragmentos de música jazz e dos estilos musicais que contribuíron ao seu desenvolvemento. .	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alieo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Identifica os autores e intérpretes de ragtime, blues e jazz representativos traballados na aula e os seus rasgos estilísticos.		
CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	Identifica os principais compositores e intérpretes do panorama jazzístico galego.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Identifica os rasgos estilísticos fundamentais do ragtime, blues e jazz por medio da audición activa de fragmentos musicais.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñece a evolución histórico-artística da música gospel, ragtime, blues e jazz, con especial atención aos subestilos deste último.		
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Reflexiona sobre a importancia de escoitar diversos estilos musicais e dancísticos sen prexuízos de ningún tipo, pois só así tiñen xurdido as músicas de fusión ao longo da Historia.		
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Respecta e valora o silencio nas aulas, especialmente nas rotinas de ensaio e nas actividades de audición activa.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Analiza fragmentos musicais e dancísticos de ragtime, blues, jazz, swing... e é quen de ubicalos nun contexto histórico, empregando as TIC para a pesquisa de información de calidade.	TI	50
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participa activamente das execucións vocais e individuais propostas no obradoiro de voces afro-cubanas impartido por Diana Tarín		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	É quen de realizar improvisacións rítmicas e instrumentais e/ou vocais sobre patróns de blues.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	É quen de solfexar as partituras que ten que interpretar, previo traballo das mesmas nas aulas.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Emprega unha técnica axeitada de xilófono, canto e danza para a interpretación do repertorio repertorio traballado na aula.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Afronta as interpretacións fronte aos compañeiros aplicando as técnicas de relaxación, respiración e concentración traballadas na aula e procurando unha axeitada execución técnica e expresiva.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais. - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución. - Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
3	Proxecto Concerto Nadal 2023	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Respecta e valora o silencio tanto nas aulas coma nas interpretacións fronte ao público, como elemento fundamental para a concentración e disfrute ao tocar, cantar e/ou bailar.	TI	100
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Identifica os autores e intérpretes do repertorio seleccionado para o concerto e os seus rasgos estilísticos.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participa activamente das execucións instrumentais, vocais e coreográficas colectivas do concerto de Nadal, aportando ideas propias.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	É quen de solfexar as partituras que ten que interpretar, previo traballo das mesmas nas aulas.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Emprega unha técnica axeitada de xilófono, canto e danza para a interpretación do repertorio repertorio traballado na aula.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Afronta as interpretacións fronte aos compañeiros e mais o público aplicando as técnicas de relaxación, respiración e concentración traballadas na aula e procurando a mellor execución técnica e expresiva.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Participa na planificación e deseño colectivos do Concerto de Nadal, empregando de maneira creativa os medios técnicos e instrumentais da aula de Música e os recursos espaciais do centro.		
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participa activamente no proxecto colaborativo de creación dunha compañía musical, desenvolvendo as tarefas asignadas ao seu grupo con responsabilidade.		
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental-diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpreta algunha panxoliña no concerto de Nadal.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Identifica os rasgos estilísticos fundamentais do repertorio musical e dancístico seleccionado para o concerto, mediante a audición activa de fragmentos musicais e o visionado de vídeos musicais.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Valora con capacidade crítica o repertorio seleccionado para o concerto, mesturando estilos de diversa procedencia cultural, histórica e estilística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical.

Contidos

- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.
- Blues, ragtime e jazz: inicios destes estilos, evolución e fusión. O jazz nos Estados Unidos, en Europa, en España e en Galicia.

UD	Título da UD	Duración
4	Proxecto xornalismo musical: estilos de música popular urbana	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analiza e contextualiza fragmentos musicais dos principais estilos de música popular urbana dende o rock'n Roll ata o século XXI: rock, pop, folk, disco, heavy metal, punk, reggae, ska, new age, hip-hop, dance, house, reggaetón.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Analiza fragmentos musicais e dancísticos de diversos estilos de música popular urbana e é quen de ubicalos nun contexto histórico, empregando as TIC para a pesquisa de información de calidade e o tratamento desta para a realización de traballos en equipo.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Identifica os autores e intérpretes dos estilos de música popular urbana traballados na aula e os seus rasgos estilísticos.		
CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	Investiga sobre as principais bandas e intérpretes do panorama musical urbano galego.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Elabora axeitadamente un exercicio de crítica musical sobre algunha banda galega, española ou internacional de música popular urbana, contextualizándoa e incluíndo os seus rasgos estilísticos principais.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñece e valora a evolución histórico-artística dos estilos musicais e de danza presentes na música popular urbana, con especial atención ao rock e os seus subxéneros.		
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Amosa unha actitude crítica perante os roles de xénero presentes na industria da música popular urbana ao realizar visionado de videoclips e estudar as principais bandas e solistas.		
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Respecta e valora o silencio nas aulas, especialmente nas rotinas de ensaio, nas actividades de audición activa e durante as grabacións de son.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	É quen de solfexar as partituras que ten que interpretar, previo traballo das mesmas nas aulas.	TI	50
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Emprega unha técnica axeitada de xilófono, canto e danza para a interpretación do repertorio repertorio traballado na aula e aplica a técnica vocal á locución dos podcast.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Afronta as interpretacións e locucións fronte aos compañeiros aplicando as técnicas de relaxación, respiración e concentración traballadas na aula e procurando unha axeitada execución técnica e expresiva.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Participa na planificación e deseño colectivos dos programas de radio, empregando de maneira creativa os medios técnicos e instrumentais da aula de Música e Polos Creativos e os recursos espaciais do centro.		
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participa activamente no proxecto colaborativo de creación dun podcast/resvista musical, desenvolvendo as tarefas asignadas ao seu grupo con responsabilidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica. - Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións. - Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste. - O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe. - Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas. - Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega. - Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais. - Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas. - Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena. - Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución. - O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
5	Proxectos interdisciplinares de teatro negro	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Respecta e valora o silencio nas aulas, especialmente nas rotinas de ensaio, nas actividades de audición activa e durante as grabacións de son.	TI	100
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Identifica os autores e intérpretes de música escénica e danza traballados na aula e os seus rasgos estilísticos, así como os da música seleccionada para os proxectos teatrais.		
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participa activamente das creacións escénicas colectivas do proxecto de teatro musical con luz negra, aportando ideas propias a partires da improvisación corporal e musical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Crea pezas de teatro musical baseándose na improvisación colectiva coa técnica de luz negra.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	É quen de solfexar as partituras que ten que interpretar, previo traballo das mesmas nas aulas.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Emprega unha técnica axeitada de xilófono, canto e danza para a interpretación do repertorio repertorio traballado na aula.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Afronta as interpretacións fronte aos compañeiros e mais o público aplicando as técnicas de relaxación, respiración e concentración traballadas na aula e procurando unha axeitada execución técnica e expresiva.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Participa na planificación e deseño colectivos de pezas de teatro negro, empregando de maneira creativa os medios técnicos e instrumentais da aula de Música, a Aula Mirador e os recursos espaciais do centro.		
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participa activamente no proxecto colaborativo de creación de obras de teatro musical con luz negra, desenvolvendo as tarefas asignadas ao seu grupo con responsabilidade.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñece e valora a evolución histórico-artística da música escénica dende a aparición do teatro-madrigal e o ballet ata a actualidade, con especial atención ao xénero musical.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos.

Contidos

- Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario.
- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.
- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.
- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.
- Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías dixitais. A música ao servizo doutras artes e linguaxes.

UD	Título da UD	Duración
6	Músicas do mundo: folklore e música primitiva	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar obras ou fragmentos, musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, gravados ou en directo, identificando os seus trazos estilísticos e os seus aspectos técnicos, explicando a súa relación co contexto e evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na escoita ou no visionamento destas.	Analiza e contextualiza fragmentos musicais e dancísticos do folklore galego, doutras comunidades autónoma e recoñece os rasgos comúns ás músicas tradicionais dos cinco continentes.	PE	50
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Identifica os autores e intérpretes de música e danza tradicional e folk traballados na aula e e os seus rasgos estilísticos.		
CA1.6 - Identificar, analizar e valorar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical e dancística que definen o patrimonio galego.	Investiga sobre as principais bandas e intérpretes do panorama musical tradicional e folk galego.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Identifica os rasgos estilísticos fundamentais do folklore galego e das áreas xeográficas traballadas na aula por medio da audición activa de fragmentos musicais e o visionado de vídeos.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Coñece e valora a pervivencia das músicas e danzas tradicionais no mundo ata o rexurdimento actual do folklore, con especial atención ao patrimonio folklórico galego.		
CA1.2 - Valorar criticamente os hábitos, os gustos e os referentes musicais e dancísticos de diferentes épocas e culturas, reflexionando sobre a súa evolución e sobre a súa relación cos do presente e desmitificando os estereotipos referidos aos roles de xénero no ámbito da música e da danza.	Valora a música tradicional da súa área geográfica e mostra unha actitude aberta cara o coñecemento doutras músicas de raíz, ao tempo que establece relación entre este sustrato cultural e o rexurdimento actual do folklore.	TI	50
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Respecta e valora o silencio nas aulas, especialmente nas rotinas de ensaio e nas actividades de audición activa.		
CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Analiza fragmentos musicais e dancísticos de diversos estilos de música tradicional e é quen de ubicalos nun contexto cultural, empregando as TIC para a pesquisa de información de calidade e o tratamento desta para a realización de traballos en equipo.		
CA2.2 - Elaborar pezas musicais ou dancísticas estruturadas a partir de actividades de improvisación, seleccionando as técnicas do repertorio persoal de recursos máis adecuadas á intención expresiva.	Participa na creación dunha batucada polo clima a partir de actividades de improvisación sobre polirritmias con material de refugallo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	É quen de solfexar as partituras que ten que interpretar, previo traballo das mesmas nas aulas.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Emprega unha técnica axeitada de xilófono, canto e danza para a interpretación do repertorio repertorio traballado na aula.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Afronta as interpretacións fronte aos compañeiros e mais o público aplicando as técnicas de relaxación, respiración e concentración traballadas na aula e procurando unha axeitada execución técnica e expresiva.		
CA2.8 - Interpretar a través da danza, da voz, do corpo ou dos instrumentos -en formación orquestral ou vocal, con ou sen acompañamento instrumental- diferentes pezas musicais e manifestacións artísticas con elementos propios da cultura galega.	Interpreta algunha peza que parte da tradición musical ou dancística galega, xa sexa da tradición oral, do folk ou das novas bandas renovadoras do noso folklore.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música. - Obras musicais, escénicas e dancísticas: análise descritiva das súas características máis relevantes. Xéneros musicais e dancísticos. - Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos. - Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario. - Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma. - Voces e instrumentos. Evolución, características e agrupacións. Relevancia nas distintas etapas. - Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia. - Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas. - Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza. - Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade. - Actitude de respecto e valoración na recepción musical. - A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical. - Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración). - Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.

Contidos

- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Técnicas de improvisación guiada e libre, individuais e grupais: improvisación rítmica e melódica, vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son) e corporal con ou sen movemento e dancística.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.

UD	Título da UD	Duración
7	Proxecto Festival de Fin de curso 2023	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Respecta e valora o silencio tanto nas aulas coma nas interpretacións fronte ao público, como elemento fundamental para a concentración e disfrute ao tocar, cantar e/ou bailar.		
CA1.5 - Coñecer, respectar e valorar aos axentes que interveñen no proceso creativo e interpretativo dunha obra artística, musical, escénica e dancística, a través do patrimonio cultural propio e alleo, identificando os trazos estilísticos que os caracterizan.	Identifica os autores e intérpretes do repertorio seleccionado para o festival e os seus rasgos estilísticos.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas de maior complexidade, por medio da interpretación e de improvisacións libres e pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Participa activamente das execucións instrumentais, vocais e coreográficas colectivas do festival de fin de curso, aportando ideas propias.		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	É quen de solfexar as partituras que ten que interpretar, previo traballo das mesmas nas aulas.		
CA2.4 - Empregar diferentes técnicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Emprega unha técnica axeitada de xilófono, canto e danza para a interpretación do repertorio repertorio traballado na aula.		
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Afronta as interpretacións fronte aos compañeiros e mais o público aplicando as técnicas de relaxación, respiración e concentración traballadas na aula e procurando a mellor execución técnica e expresiva.		
CA2.6 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, seleccionando, de entre os dispoñibles, os medios musicais e dancísticos máis oportunos, así como as ferramentas analóxicas ou dixitais máis adecuadas, respectando e valorando o consumo responsable nas diferentes plataformas e redes sociais.	Participa na planificación e deseño colectivos do festival de fin de curso, empregando de maneira creativa os medios técnicos e instrumentais da aula de Música, os recursos espaciais do centro.		
CA2.7 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, asumindo diferentes funcións, valorando as achegas do resto de integrantes do grupo e identificando diversas oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Participa activamente no proxecto colaborativo de creación dunha compañía musical, desenvolvendo as tarefas asignadas ao seu grupo con responsabilidade.		
CA3.1 - Coñecer a historia da música en España, en Galicia e noutras culturas do mundo a través de obras ou fragmentos musicais e dancísticos, identificando os seus principais trazos estilísticos e características, explicando a súa relación co contexto no que foron creados e manifestando unha actitude de tolerancia, interese e respecto.	Identifica os rasgos estilísticos fundamentais do repertorio musical e dancístico seleccionado para o festival, mediante a audición activa de fragmentos musicais e o visionado de vídeos musicais.		
CA3.2 - Coñecer e valorar criticamente todo tipo de manifestacións musicais e escénicas do século XX ata a actualidade, tanto no cinema coma na música popular urbana e noutros medios artísticos, audiovisuais e tecnolóxicos, a través da identificación das súas especificidades e reflexionando sobre a súa evolución e a súa relación cos do presente.	Valora con capacidade crítica o repertorio seleccionado para o festival, mesturando estilos de diversa procedencia cultural, histórica e estilística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música.
- Comentario razoado, crítico e respectuoso, tanto verbal coma escrito -uso de vocabulario adecuado-, de eventos musicais, coreográficos e escénicos, gravados ou en directo, propios ou alleos.
- Acción escénica e coreográfica, espazo sonoro, interpretación expresiva e técnica, acción narrativa, escenografía, iluminación, útiles, caracterización e vestuario.
- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.
- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Concertos, actuacións musicais e manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.
- Actitude de respecto e valoración na recepción musical.
- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Técnicas básicas para a interpretación individual e grupal: técnicas vocais, instrumentais (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporais con ou sen movemento e dancísticas. Técnicas de estudo e de control de emocións.
- Silencio, escoita activa, interiorización do pulso, atención ás indicacións da dirección e ao resto dos intérpretes, memoria, adecuación ao conxunto, empaste.
- O ensaio: espazo de escoita activa e de aprendizaxe.
- Planificación e execución de proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.
- Concertos en formación orquestral, vocal con ou sen acompañamento instrumental e actos escénico-dancísticos do alumnado. Xestión de emocións, ansiedade, medo escénico.
- Repertorio vocal, instrumental (instrumentos orff ou outros obxectos de son), corporal e coreográfico tanto individual coma grupal de distintos xéneros musicais e escénicos, de diferentes épocas e culturas, con especial atención á música galega.
- Valores e hábitos de consumo responsable nas plataformas dixitais e nas redes sociais musicais.
- Actitudes de respecto, compromiso e colaboración na participación activa en actividades musicais e durante todo o proceso, desde a planificación e a preparación ata a posta en escena.
- Historia da música e da danza en España e en Galicia: períodos, características principais, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.
- Tradicións musicais e dancísticas doutras culturas do mundo: funcións, pervivencia e influencias noutros estilos musicais.
- Músicas populares, urbanas e contemporáneas. Orixe, antecedentes, evolución.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo a recomendación expresa do currículo da materia, que convida a un "desenvolvemento competencial da materia...partindo dunha aprendizaxe baseada na práctica e no desenvolvemento de habilidades que lle permitan ao alumnado vivir a experiencia da música e da danza a través da interpretación, da creación e desde a escrita activa de diferentes propostas artísticas", a achega aos contidos do curso 4º da ESO farase:

- Partindo da competencia adquirida polo alumnado nos cursos de 2º e 3º da ESO, onde xa cursaron a materia de xeito obrigatorio.

- Tendo en conta a diversidade do alumnado e respectando os seus ritmos e estilos de aprendizaxe, aplicando as medidas e protocolos axeitados ás súas características individuais, sempre coa axuda do Departamento de Orientación.

- Potenciando as metodoloxías activas e participativas, con alicerces no traballo cooperativo e a aprendizaxe baseada en proxectos que conduzan á adquisición das competencias clave.

- Orientando o proceso de ensino-aprendizaxe á realización de tarefas ou situacións de aprendizaxe que impliquen unha vivencia práctica do feito musical e ó uso habitual das TIC.

- Empregando o método inductivo-deductivo, entendendo o papel do docente como facilitador e guía nese proceso e minimizando o emprego do método expositivo (agás cando se trate de conceptos de especial dificultade).

Na aula empregaranse as seguintes estratexias metodolóxicas:

- Memorización comprensiva de conceptos.

- Elaboración de sínteses, esquemas, infografía e glosarios de termos musicais, en formato analóxico ou dixital.

- Lectura colaborativa de textos con diferentes estratexias, para acadar unha mellor comprensión dos mesmos.

- Análise e tratamento de diversas fontes e soportes de información para tarefas de investigación e proxectos documentais individuais e/ou en grupo.

- Audición activa: fundamental para a abordaxe dos contidos do Bloque 1 (Escoita e Percepción) farase sempre vencellada a partituras, musicogramas, imaxes, paisaxes sonoras... de xeito que se apliquen os fundamentos metodolóxicos de Jos Wuytack e Edgar Willens.

- Gamificación: práctica cotiá de xogos musicais analóxicos e dixitais na aula, para abordar os contidos teóricos e de linguaxe musical.

- Interpretación e creación musical individual e colectiva: tanto na aula coma con público, a execución de pezas vocais, instrumentais e coreográficas de repertorio variado e dificultade crecente (acorde ao nivel) será fundamental para traballar os contidos do Bloque 2. (Interpretación, improvisación e creación escénica). As estratexias metodolóxicas mesturaran elementos dos sistemas de pedagogía musical Kodály, Justin Word, Orff-Schulwerk, Dalcroze e TaKeTiNa.

- Proxectos interdisciplinares: coa fin de enriquecer o traballo da aula e fornecer unha dimensión integral e significativa da aprendizaxe por competencias, procurarase a colaboración con outras áreas de coñecemento e materias para a realización de proxectos creativos de natureza interdisciplinar ou transversal.

A metodoloxía non requirirá para o curso de 4º da ESO de ningunha modificación dos tempos habituais. Sen embargo, no que se refire aos espazos a propia metodoloxía arriba exposta require o emprego de maneira prioritaria a aula-materia, pola súa flexibilidade e dotación axeitadas para a práctica musical. Non entanto, poderanse planificar actividades que requieran do uso de outros espazos do centro como:

- a Biblioteca ou a aula TIC para elaborar proxectos documentais ou tarefas de investigación

- a nova aula polivalente do centro (O Mirador) para aquelas tarefas ou proxectos de índole escénica, pola súa dotación.

- o ximnasio ou o patio para actividades que requieran dun espazo maior ou ó ar libre (coreografía, actividades interdisciplinares e/ou con público como concertos, recitais, festivais...) xa que o centro non conta cun salón de actos.

No que se refire aos agrupamentos, no canto da tradicional distribución dos grupos (A, B) por necesidades organizativas do centro optouse por equilibrar os agrupamentos para a materia de Música mesturando alumnado procedente de ambos os dous grupos como se aludiu na introducción, resultando dous grupos de 18 e 20 alumnos respectivamente.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Para que a metodoloxía xa exposta poida ser desenvolvida, requírese o emprego dos seguintes:

1. MATERIAIS:

A) Materiais da aula de Música:

- Mobiliario: mesa do profesor e cadeiras de pá para flexibilizar o uso do espazo, mesas para os traballos en grupo e a práctica con instrumental Orff, estanterías para a organización dos instrumentos, taboleiro branco e taboleiro pautado.

- Dotación instrumental: 1 piano eléctrico e banco, 1 guitarra española, 1 guitarra eléctrica, 1 baixo eléctrico, 1 batería, 2 frautas tenor, xilófonos e metalófonos de diferentes tesituras (instrumental Orff diatónico e cromático) e baquetas, tambores, pandeiros, instrumentos de pequena percusión (caixas chinesas, crótalos, pratos, axóuxeres, raspadores, triángulos, claves, pau de chuva, látigo, castañolas,) e percusión tradicional (pandeiretas, cunchas, culleres).

- Medios audiovisuais: ordenador do profesor con conexión á internet, proxector, altosfalantes, micrófonos, amplificadores e mesa de son. A metodoloxía da materia require o seu óptimo funcionamento para garantir a proxección de partituras interactivas, vídeos musicais ou filmes, escoita de audicións, práctica instrumental e coreográfica con acompañamento de audio, gamificación dos contidos de linguaxe musical, manexo das TIC...

- Medios para a creación escénica: teas de diversas cores, luces, lámpadas de luz negra (4), cartolinas de cor (fluorescentes)... para a creación de propostas escénicas empregando técnicas dramáticas como o teatro de sombras ou o teatro negro.

- Discografía: colección de CD's da aula.

- Bibliografía: fondos do Departamento de Música e da sección de Artes e Espectáculos da Biblioteca Escolar (número 7 da CDU).

B) Materiais do profesor:

- Caderno do profesor: en soporte dixital, traballando con aplicacións que garantan unha política de seguridade na protección de datos do alumnado axeitada (Additio, Aula Virtual...)

- Programa Xade: servirá para o control da asistencia do alumnado ás aulas.

- Programa/aplicación Abalar: servirá para a comunicación coas familias e mais cos titores.

- Aula Virtual: para a compilación dos materiais cos que se traballa na aula (apuntes, vídeos, infografías, presentacións, partituras e covers, tarefas...) e mais a comunicación co alumnado (a través da ferramenta de chat e dos comentarios para a corrección de tarefas)

- Frauta doce soprano e/ou outros instrumentos.

- Metrónomo

- Materiais para o xogo didáctico propios: pulsadores, tarxetas identificativas para o traballo colaborativo...

C) Materiais dos alumnos/as:

Aínda que de xeito excepcional se poidan empregar materiais específicos para algunha tarefa ou proxecto o material didáctico obrigatorio para o normal desenvolvemento da rutina da aula por parte dos alumnos consistirá nos seguintes ítems:

- Arquivador do alumno: o arquivador dos alumnos terá unha sección adicada á materia e deberá contar sempre cun apartado para glosario de termos musicais, separado das actividades habituais.

- Caderno con pautado musical e padrón de xilófono: fornecerase o modelo imprimible de dito material na aula virtual e no servizo de reprografía do centro.

- Frauta doce soprano: dende a experiencia da pandemia, o seu emprego na aula estará condicionado á situación sanitaria, posto que a emisión de son en instrumentos aerófonos soprados supón un risco de contaxio, ao proxectar gotículas de cuspe e aerosois nun entorno interior onde as distancias son inferiores a 1,50 m.

- Pauciños chineses: empregaranse para tarefas de percusión na aula e como baquetas para a práctica de xilófono (especialmente na casa).

- Apuntes e partituras: empregaranse recursos web e apuntes ou partituras aloxados na aula virtual da materia (deste material deixarase tamén un padrón no servizo de reprografía do centro).

- Aula virtual: os alumnos utilizarán a cotío a aula virtual da materia para a consulta de arquivos, vídeos, realización de actividades (cuestionarios, traballos, glosarios virtuais...) e entrega de tarefas, sempre axustándose

aos prazos sinalados.

Con motivo dalgún proxecto ou actividade poderá requerirse de xeito puntual material distinto do obrigatorio, empregando mesmo o dispositivo móbil dos discentes se fose necesario, previo aviso ás familias e visto e prace do equipo directivo.

2. RECURSOS DIDÁCTICOS:

- Recursos web propios: a aula virtual en formato Moodle para cada nivel, organizada por subgrupos, accesíbel dende a páxina web do centro será utilizada non só para fornecer materiais didácticos aos discentes, senón para a corrección e avaliación individualizada de actividades e/ou tarefas entregadas por esta vía.
- Recursos musicais na rede: bitácoras educativas, páxinas web, xogos musicais, partituras, audios, vídeos, películas, libros e revistas dixitais, software específico, instrumentos virtuais, aplicacións para o tratamento e edición de arquivos de audio, vídeo...
- Actuacións/obradoiros musicais en vivo: tentará favorecerse a asistencia como público a producións musicais, coreográficas ou escénicas e/ou a participación en obradoiros musicais ben no centro, ben na contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para a aviación inicial do alumnado adicaranse as primeiras semanas de aulas ás seguintes actividades:

- Debate sobre intereses, preferencias e hábitos musicais do alumnado.
- Xogos de contidos mínimos vencellados á área da linguaxe musical: lectura de notas en clave de sol, identificación de elementos dunha partitura e instrumentos da orquestra, dictado melódico breve...
- Interpretación de ritmos sinxelos con percusión corporal ou pauciños chineses.
- Elaboración cooperativa de esquemas de repaso dos contidos mínimos de 2º e 3º de ESO, precisos para abordar o proceso de ensino-aprendizaxe do curso de 4º.

Os resultados desta observación teranse en conta para adaptar o deseño curricular das programación de aula á realidade dos grupos. Esta achega aos coñecementos e intereses do alumnado será tida en conta para axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades reais do alumnado do IES As Bizocas e ao deseño de situacións de aprendizaxe que lles poidan resultar máis atractivas e motivadoras. Os casos de especiais dificultades serán notificados ás familias pola aplicación Abalar, teléfono ou a axenda escolar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	15	15	14	17	17	100
Proba escrita	50	50	0	50	0	50	0	27
Táboa de indicadores	50	50	100	50	100	50	100	73

Criterios de cualificación:

Para a avaliación continua da materia farase unha proba escrita na aula ou un cuestionario na aula virtual calificado sobre 10 puntos ao final de cada unidade didáctica. No caso dos proxectos, tarefas, traballos ou exposicións, interpretación vocais, instrumentais e coreográficas o resultado das rúbricas de corrección, escalas ou listas de cotexo dos mesmos expresaranse tamén sobre 10 puntos.

Os criterios para a calificación de cada unha das avaliacións 1ª, 2ª e 3ª sobre 10 puntos corresponderán á seguinte ponderación:

- 45%: media aritmética de tódalas probas escritas, proxectos documentais, cuestionarios e tarefas da aula

virtual, traballos, exposicións... vencellados a contidos de índole teórica. Dita media aritmética debe ser maior ou igual a 3 puntos, coa fin de evitar o abandono dos contidos teóricos por parte do alumnado, especialmente daquel que se volca máis na parte práctica da materia.

- 45%: media aritmética de tódalas puntuación obtidas nas probas de avaliación da práctica instrumental, vocal e/ou coreográfica tanto individual como en grupo, a lectura e mais o dictado melódico-rítmicos. Dita media aritmética debe ser maior ou igual a 3 puntos, coa fin de evitar o abandono dos contidos prácticos por parte do alumnado, especialmente daquel que ten maiores dificultades nesta parte da materia.

- 10%: presentación das tarefas e materiais obrigatorios no tempo e forma requeridos e participación activa nas actividades propostas na aula.

Coa fin de promover entre os discentes a cultura do esforzo tanto nos contidos de carácter práctico como naqueles de índole teórica, otorgóuselles idéntica porcentaxe e requirírase un mínimo de 3 puntos en cada unha delas para aplicar a devandita táboa de ponderación.

Na avaliacións 1ª, 2ª e 3ª as cualificacións serán expresadas no Xade e boletín de cualificacións sen decimais, polo sistema de truncamento.

A porcentaxe asignada á presentación de tarefas e materiais obrigatórios e á participación activa nas actividades propostas na aula outorgarase completa a tódolos alumnos ó comezo de cada trimestre, sustraendo 1/3 da devandita puntuación (0,33%) no caso de cada avaliación negativa nestes apartados. Desta maneira, e polas especiais condicións da materia, a falla do material obrigatorio na aula ou da realización de tarefas/actividades ou a actitude pasiva/negativa cara as actividades musicais propostas na aula en máis de 3 ocasións supón a perda da porcentaxe que se lle atribúe na calificación de cada avaliación. O fin desta medida é acostumar ao alumnado a responsabilizarse da importancia de acudir ás aulas co material axeitado, fomentando os hábitos de traballo que toda disciplina musical - e artística en xeral- require. Aqueles alumnos que non superaran unha das avaliacións, ou acadasen calificacións cun promedio inferior a 3 puntos nos contidos teóricos ou prácticos deberán afrontar unha proba de recuperación dos mesmos a realizar durante a avaliación seguinte, baseada nos contidos mínimos da avaliación a recuperar.

A cualificación final será o resultado da media aritmética das cualificacións (ata a centésima) obtidas nas tres avaliacións (ou nas súas recuperacións), podendo verse incrementado o promedio até 1 punto no caso daqueles alumnos que participaran activamente nas tarefas de carácter voluntario planificadas polo Departamento de Música ao longo do curso (implicación regular nos ensaios ou actuacións do coro escolar).

Entenderase superada a avaliación final para queles alumnos con cualificación igual ou superior a 5 puntos no procedemento de avaliación continua. No Xade e boletín de cualificacións finais dita cualificación expresarase empregando o procedemento de redondeo á unidade seguinte.

Xa que se suprimiu a convocatoria extraordinaria, deberán realizar a proba de avaliación final da materia aqueles alumnos cuxo promedio polo procedemento de avaliación continua fose inferior a 5 puntos ou aqueles que desexen incrementar a súa cualificación voluntariamente.

A proba de avaliación final da Materia de Música consistirá en:

- unha parte escrita con 10 cuestións e/ou exercicios sobre contidos teóricos e de linguaxe musical baseado nos contidos mínimos esixibles do curso; calificadas cun punto cada unha.

- unha parte práctica consistente na lectura melódico-rítmica e a interpretación instrumental, vocal ou coreográfica dunha peza do repertorio traballado na aula ao longo do curso, a escoller polo alumno/a. Esta parte avaliarase tamén sobre 10 puntos.

Considerarase superada a proba de avaliación final da materia cando a cualificación sexa superior a 3 puntos en cada parte e a media aritmética de ámbalas dúas acade os 5 puntos ou máis. En ningún caso se entenderá aprobada a materia de Música tendo a parte práctica ou teórica notas inferiores a 3 puntos ou un promedio inferior a 5. Aqueles alumnos que, tendo superada a materia polo procedemento de avaliación continua decidisen presentarse á proba de avaliación final co fin de incrementar a cualificación ficarán coa máis alta das dúas.

Cráterios de recuperación:

A proba de recuperación da avaliación consistirá en:

- unha parte escrita con 10 cuestións e/ou exercicios sobre contidos teóricos e audicións baseados nos contidos mínimos esixibles da avaliación; calificadas cun punto cada unha.

- unha parte práctica que consistirá na lectura melódico-rítmica e a interpretación instrumental, vocal ou coreográfica dunha peza do repertorio traballado na aula ao longo da avaliación, a escoller polo alumno/a. Esta parte avaliarase tamén sobre 10 puntos.

Considerarase superada a proba de recuperación da avaliación cando a cualificación sexa superior a 3 puntos en cada parte e a media aritmética de ámbalas dúas acade os 5 puntos ou máis. En ningún caso se entenderá aprobada a avaliación a tendo a parte práctica ou teórica notas inferiores a 3 puntos ou un promedio inferior a 5. A superación de

dita proba substituirá a calificación obtida na avaliación correspondente por un 5, ao tratarse dunha proba de contidos mínimos e ter a posibilidade de presentarse á proba de avaliación final.

Aqueles alumnos que non conseguiran recuperar a materia polo procedemento de avaliación continua deberán realizar a proba de avaliación final da materia que consistirá en:

- unha parte escrita con 10 cuestións e/ou exercicios sobre contidos teóricos e audicións baseados nos contidos mínimos esixibles dos Bloques 1 e 3 do currículo; cualificadas cun punto cada unha.
- unha parte práctica consistente na actura melódico-rítmica e a interpretación instrumental, vocal ou coreográfica (Bloque de contidos 2) dunha peza do repertorio traballado na aula ao longo do curso, a escoller polo alumno/a. Esta parte avaliarase tamén sobre 10 puntos.

Considerarase superada a proba de avaliación final da materia cando a cualificación sexa superior a 3 puntos en cada parte e a media aritmética de ámbalas dúas acade os 5 puntos ou máis. En ningún caso se entenderá aprobada a materia de Música tendo a parte práctica ou teórica notas inferiores a 3 puntos ou un promedio inferior a 5.

6. Medidas de atención á diversidade

O artigo 21.8 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, remite para a atención á diversidade do alumnado de ensinanza secundaria obrigatoria ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve.

Este decreto dispón que unha das prioridades da consellería con competencias en materia de educación é conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible o que require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza.

E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, aínda o é máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais por atraso madurativo, trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, trastornos da atención ou de aprendizaxe, descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, altas capacidades intelectuais, terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. A atención deste alumnado, considerado con necesidade específica de apoio educativo na Lei orgánica 2/2006, de educación coa redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro deberá axustarse, entre outros, aos principios de:

- normalización de servizos
- flexibilidade na resposta educativa
- prevención
- atención personalizada.

Con este motivo na materia de Música de 4º adoptaranse as medidas ordinarias e extraordinarias previstas na lexislación vixente, resumidas a continuación, sempre que sexan viables (no caso do apoio dentro da aula ou dos grupos de adquisición das linguas depéndese das necesidades organizativas do centro e os recursos fornecidos pola Consellería) consensuándoas co Departamento de Orientación Educativa do Centro e seguindo o Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe publicado pola Consellería de Educación:

1. MEDIDAS ORGANIZATIVAS ORDINARIAS:

A) Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula:

- Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.
- Espazos diferenciados.
- Materiais e recursos didácticos diferenciados.

B) Desdoblamento de grupos.

C) Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.

2. MEDIDAS ORGANIZATIVAS EXTRAORDINARIAS:

A) Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.

B) De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).

C) De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).

D) Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.

3. MEDIDAS CURRICULARES ORDINARIAS:

A) Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría

entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.

B) Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.

C) Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.

D) Programa específico para alumnado repetidor da materia.

E) Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

4. MEDIDAS CURRICULARES EXTRAORDINARIAS:

A) Adaptacións curriculares na materia.

B) De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.

C) Alumnado con flexibilización na escolarización.

D) Protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT/ AL/outro profesorado de apoio/ profesorado do agrupamento/ etc.)

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Concienciación sobre o cambio climático			X		X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual e competencia dixital.	X		X	X	X		X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial			X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero e respecto mutuo	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade e formación estética	X	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os contidos propios da materia de 4º de ESO constitúen un terreo especialmente fértil á hora de traballar a comprensión lectora e mais as expresións oral e escrita, ao tempo que se fomenta o espírito crítico e a igualdade de xénero, ao traballar os diferentes períodos e estilos musicais e dancísticos dende a perspectiva da Historia de xénero. O prisma histórico é sempre un bo xeito de abondar nos avances sociais que foron precisos para chegar ao camiño da igualdade, o respecto aos dereitos humanos, a liberdade e a paz que pretenden as democracias contemporáneas. Neste senso, incidirase na metodoloxía investigadora que seguen ciencias sociais como a Historia, a Musicoloxía e a Etnomusicoloxía, baseadas no estudo de feitos, achados e fontes e mesmo no traballo de campo; sempre dende o rigor e o espírito crítico. A inclusión neste curso de contidos referidos ás distintas vertentes da industria musical e aos medios de comunicación permite plantexar acotío debates sobre as fendas de xénero ou racial patentes na industria discográfica, do videoclip e do cinema.

Á mesma vez, a vertente artística da música e da danza permite traballar diariamente coas emocións dos adolescentes dende o eido da creatividade, axudando a educar en valores e cultivando a vertente estética patente en todo ser humano, non só a nivel individual senón participando da colectividade con todo o que iso significa para o traballo en equipo, o esforzo e o emprendemento. En moitos dos proxectos o alumnado asumirá roles semellantes aos que desenvolverían nunha compañía musical ou de artes escénicas ou ben experimentará labores aociadas laboralmente ao feito musical (xornalismo especializado, planificación de viaxes de turismo musical, produción musical e de eventos...) Sen dúbida, esta achega ao emprendemento social e empresarial no século XXI pasa necesariamente polo manexo de ferramentas de comunicación audiovisual e a mellora da súa competencia no manexo das ferramentas dixitais, se de certo desexamos que forme parte dunha aprendizaxe significativa.

A práctica instrumental, vocal e dancística é un hábito excelente para forxar a autonomía persoal e hábitos positivos para a saúde física e mental do alumnado cando se executa individualmente; pero no caso da práctica grupal convírtese nun excelente campo para fomentar o respecto, a igualdade, a crítica construtiva e a confianza persoal. Non se entenden as dinámicas de improvisación colectiva ou as rotinas de ensaio substanciais á práctica musical e dancística sen un clima de respecto mutuo no día a día da aula. No tocante ao autoconcepto e a autoestima dos adolescentes é especialmente importante preparalos para afrontar as execucións en público, dotándoos de ferramentas para lidar coas súas propias inseguridades e o medo escénico; sen esquecer que a propia vivencia estética ten efectos positivos no recoñecemento e manexo das emocións, nunha etapa madurativa na que se están a modelar os principais rasgos da súa personalidade. A aprendizaxe baseada en proxectos que se plantexou como eixo da materia en 4º da ESO pretende ofrecer ao alumnado oportunidades para a expresión e xestión emocional, o fomento da creatividade partindo do individual para logo chegar ao colectivo, a implicación afectiva e responsable para acadar obxectivos comúns... en definitiva, a promoción dos valores positivos que as disciplinas artísticas aportan ás diversas culturas e sociedades.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto de Nadal	Evento musical no que participa o alumnado da materia de Música de todos os niveis, seleccionando e redactando o programa do concerto, realizando ensaios, deseñando unha proposta escénica, distribuindo o instrumental, publicitando a actuación e finalmente interpretando as pezas escollidas e participando como público.	X		
Obradoiro de voces afro-cubanas	Obradoiro de dúas horas de duración impartido no centro pola cantante Diana Tarín, para a mellora da técnica vocal do alumnado e o coñecemento teórico-práctico das influencias que a música dos escravos africanos tivo na raigame de numerosos rasgos estilísticos de xéneros da música popular urbana coma o blues, latin-jazz, rock, afro-beat... As actividades de canto servirán tamén para reforzar os hábitos de vida saudábeis, xa que a mellora da hixiene vocal e a práctica da respiración costodiafragmática contribúen ao autocoidado físico e psicolóxico.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concurso de comparsas	Mantendo a tradición das comparsas de entroido tan arraigada no Grove, prepárase este concurso no que os alumnos realizan as súas propias paráfrases de pezas musicais de actualidade, con letras irónicas en galego e intérpretan para o resto do centro.		X	
Visita ao museo de tecla e clube de jazz Frank Sin Ancla	Visita ao clube de jazz ubicado na contorna do centro escolar e posto en marcha polo músico Julián Maeso. A visita, en colaboración co Departamento de Educación Plástica e Visual ten como obxectivos afondar na raigame da música popular urbana (jazz), as técnicas de improvisación instrumental, as saídas profesionais vencelladas ao circuito musical e na diversidade de instrumentos de tecla e sistemas de grabación e reprodución sonora que alberga a súa parte musealizada.		X	
Celebración do Día da Poesía/Día do libro	Pequeno recital poético-musical para sumarnos as conmemoracións organizadas polo EDL e mais a Biblioteca Escolar		X	
Visita cultural interdisciplinar a Madrid	Esta actividade extraescolar planifícase en colaboración cos Departamentos de Lingua e Literatura Castelá e mais Educación Plástica e Visual. O obxectivo é combinar diferentes actividades e percorridos culturais, aproveitando as oportunidades que a cidade ofrece a nivel de teatro e espectáculos musicais, museos e exposicións e roteiros tanto histórico-artísticos coma literarios. Por outra banda, a viaxe organízase atendendo a criterios de mobilidade sostíbel e promoción de hábitos de vida saudábeis, polo que tamén se inclúe no proxecto Edu-Sostible. Deste xeito, e facendo unha memoria da mesma, téntase concienciar á comunidade educativa de que se pode compatibilizar a actividade turística co coidado do medio ambiente.			X
Obradoiro de eco-percusión	Obradoiro de percusión (de unha hora de duración) con materiais de refugallo que se plantexa como unha das actividades vencelladas ao proxecto Edu-Sostible. Porén de mellorar a coordinación e as habilidades de interpretación rítmica dos discentes, preténdese organizar coas polirritmias traballadas no obradoiro unha batucada polo clima.			X
Festival de fin de curso	Evento musical e coreográfico no que participa o alumnado da materia de Música de todos os niveis, seleccionando e redactando o programa de actuacións, realizando ensaios, deseñando a proposta escénica e as coreografías, distribuindo o instrumental e montando os equipos de son, publicitando o evento e finalmente interpretando as pezas e coreografías e participando como público.			X

Observacións:

O Departamento tamén promoverá a colaboración nos proxectos interdisciplinares plantexados por outros Departamentos (colaboración con materias de especial afinidade nos contidos como Educación Plástica e Visual ou Educación Física...), coa Biblioteca Escolar, o Proxecto Edu-Sostible levado a cabo no centro e co Equipo de Dinamización Lingüística e tentará participar das Celebracións Pedagóxicas escollidas polo centro para o curso 2023-24.

Dado que a programación cultural ofrece oportunidades que poden sobrevivir ao longo do curso, non se descarta a asistencia a concertos, recitais ou obradoiros en función da evolución da axenda cultural da contorna; especialmente após de anos nos que non se puideron levar a cabo actividades para ver música ao vivo, aínda que o groso de actividades complementarias que se plantexan responden a actividades planificadas polo Departamento, co gallo de que sexan os alumnos/as os protagonistas das mesmas, participando no deseño e desenvolvemento das mesmas.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado e adaptado á avaliación inicial
A secuenciación dos contidos contribuíu á aprendizaxe significativa entre o alumnado
Metodoloxía empregada
Empregáronse diversos instrumentos e métodos de avaliación
O proceso de ensino-aprendizaxe contou cun equilibrio entre práctica e teorización
O alumnado participou en proxectos colaborativos e promoveuse o traballo en pequeno e grande grupo
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os materiais e recursos fornecidos ao alumnado a través da aula virtual foron adecuados ao proceso de ensino-aprendizaxe
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse axeitadamente á diversidade do alumnado, individualizando o proceso de ensino-aprendizaxe e adaptándoo aos distintos ritmos de aprendizaxe
Clima de traballo na aula
Consegiuse motivar ao alumnado para a participación activa na dinámica das aulas
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Vencelláronse os contidos da materia de Música con outras materias
Colaborouse con outro/s departamentos e proxectos do centro no deseño de situacións de aprendizaxe

Descrición:

A consecución dos seguintes indicadores de logro avaliarase nunha escala graduada do 1 ao 10.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica será revisada mensualmente nas reunións de Departamento, e como resultado da devandita avaliación poderán adaptarse os contidos, a temporalización, as estratexias metodolóxicas e mesmo os materiais previstos ou os instrumentos de avaliación; sempre que se favoreza a consecución dos obxectivos do curso por parte dos discentes. No caso de precisar tomar algunha destas medidas, reflectirase no informe trimestral de seguimento da programación didáctica, elaborado pola Xefa do Departamento no programa Proens.

As propostas de mellora resultantes desta avaliación procesual da programación serán referidas na memoria final da materia, coa fin de servir de punto de partida para a programación do vindeiro curso escolar.

9. Outros apartados